



CIRCULAR INFORMATIVA 4/2018

1. INFORME DE AUDITORÍA DAS CONTAS ANUNAIAS 2017

De acordo co que establece a Lei de colexios profesionais e os nosos estatutos particulares no artigo 125.3, unha vez renovada a Xunta de Goberno, é obrigatorio realizar unha auditoría de contas para verificar a contabilidade do colexio.

A Xunta de Goberno, logo de estudar varias ofertas, contratou a auditora ACR para realizar a auditoría das contas do ano 2017. Esta auditoría realizouse durante o mes de xaneiro de 2018 e foi presentada á Xunta Xeral o día 15.02.2018 xunto coa aprobación das contas de 2017.

En cumprimento da normativa sobre transparencia, esta auditoría permanecerá publicada na páxina web do colexio para que todos os colexiados e persoas en xeral poidan consultala. Poderá consultarse na seguinte ligazón:

http://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/2018/03/auditoria_2017.pdf

En opinión dos auditores, estas contas anuais expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da boa situación financeira do colexio a 31.12.2017, todo isto baixo o estrito cumprimento do marco normativo vixente.

2. QUENDA DE OFICIO: RESUMO ANUAL 2017

As contas anuais aprobadas pola Xunta Xeral na sesión do 15.02.2018 e a auditoría de contas do exercicio 2017 non recollen as cantidades ingresadas e aboadas por este colexio aos letrados e letradas da quenda de oficio xa que se inclúen na subconta do grupo cinco “conta ponte”, ao ser un pagamento delegado da Dirección Xeral de Xustiza. En consecuencia, presentamos para a vosa información un pequeno resumo anual:

- Expedientes de xustiza gratuíta tramitados: 3.675
Penal: 2.066
Civil: 1.266
Contencioso-administrativo: 65
Laboral: 136
Violencia de xénero: 142
 - Letrados/as de alta na quenda de oficio: 393 (226 mulleres e 167 homes)
Penal: 336
Civil: 333
Contencioso-administrativo: 41
Laboral: 35
- (Hai letrados/as que están en dúas quendas á vez)





CIRCULAR INFORMATIVA 4/2018

- Cantidades certificadas por trimestre
 - 1º trimestre de 2017: 190.183,76 €
 - 2º trimestre de 2017: 232.398,99 €
 - 3º trimestre de 2017: 121.540,91 €
 - 4º trimestre de 2017: 214.310,02

Total: 758.433,68 €

O cuarto trimestre está aínda pendente de pagamento, pero a Dirección Xeral de Xustiza, unha vez aprobada a certificación remitida, comunicou que o pagamento se realizará proximamente.

O aboamento destes 758.433 euros aos letrados e letradas da quenda de oficio xerou unhas 370 transferencias bancarias por trimestre (1.480 ao ano).

Para coñecer unha información máis detallada das designacións, pagamentos ou retencións, os letrados poderán consultar a súa ficha persoal a través do SIGA (programa de xestión do colexio) ou ben acudindo á secretaría técnica do colexio.

Acceso ao SIGA: <https://siga.redabogacia.org/SIGA/sigainit.do>